



Recreación da batalla de Austerlitz (1805).

Se alguén personifica a análise do o tránsito do Antigo Réxime á modernidade, ese alguén podería ser Anne-Louise Germaine Necker, máis coñecida polo seu nome de casada, Madame de Staël. Xinebrina e protestantes tivo no seu pai, Jacques Necker, un mestre que nunca limitou as súas ambicións intelectuais. Brillante banqueiro, foi diversas veces ministro con Luís XVI e defendeu reformas administrativas e financeiras.

Esta proximidade ao poder foi conservada pola súa filla Anne-Louise grazas á súa condición de muller do embaixador de Suecia en París. E desde a capital francesa —e desde diversos exilios— foi testemuña privilexiada dos vinte e cinco anos que pasaron desde a Revolución do 14 de xullo deica á caída definitiva de Napoleón. Desta experiencia é froito a súa obra póstuma que vén de ser editada entre nós como *Consideraciónes sobre la Revolución francesa* (Arpa).

Madame de Staël, ademais da súa obra narrativa, fixo do

ensaio político e social unha ferramenta de análise e de anuncio da chegada do Romanticismo e dos reximes liberais. Ao longo das súas “consideracións” nunca agocha a admiración polo espírito reformista do seu pai (frustrado pola miopía dos Borbóns franceses) e polo sistema vixente en Inglaterra despois da restauración monárquica que sucedeu á república.

Sen deixar o seu sentimento de cidadá francesa, a súa dobre condición de suíza e protestante dálle un distanciamento que lle evitaba o compromiso gregario. Nas (moitas) páxinas das súas Consideracións hai olfacto para saber analizar fenómenos políticos que se producían por primeira vez na Historia: a cohabitación entre un monarca que foi absoluto e unha Convención constituínte, o período extremista do Terror xacobino, o Directorio, o

Mdme. de Staël retratada por Marie Éléonore Godfreid.

Unha testemuña privilexiada

Madame Staël e a Revolución Francesa

JOAQUIM VENTURA



golpe militar do 18 de brumario e o goberno do Consulado que desembocou no goberno de Napoleón Bonaparte como emperador.

Seguimos a crónica con detalle e con interpretacións intelixentes, moitas delas de plena vixencia se consideramos a política con grandeza, lonxe de actitudes cativas e miserables. Para Madame de Staël non había maior valor que a liberdade como exercicio concreto e non como enunciado retórico. Liberdade de iniciati-

E se censuraba a ditadura xacobina de Robespierre, non dubidou en sinalar con máis ímpeto a aqueles que se apropiaban das liberdades gañadas para querer restauraren o goberno duns poucos. E isto servía tanto para Bonaparte

como para os que, á súa caída, conspiraban por retornar á monarquía con riscos máis ou menos absolutistas.

O lector curioso pola Historia e polos sistemas políticos vai acceder a estas páxinas con pracer. Non son unhas memorias nin unhas divagacións nostálgicas polo xogo parlamentario británico, senón un continuo aviso da necesidade de preservar o sistema de liberdades e de renuncia —á forza se era preciso— aos privilexios, xa fosen

Para ela non había maior valor que a liberdade como exercicio concreto

da nobreza ou do alto crego. Por iso, defendía a existencia dunha Garda Nacional, interclasista e que premiasse o mérito, como equili-

brio fronte á milicia real que comandaban os aristócratas. Ou a reversión á propiedade pública colectiva dos bens eclesiásticos (coa salvagarda dos cregos secular, que o quería independente do Estado e mantido polos crentes).

Madame de Staël dá na diana moitas veces ao longo das súas *Consideracións*, con frases que deberían formar parte dos temas de primeiro de Ciencias Políticas ou do manual de calquera candidato a un posto electivo. Para ela, non hai peor garantía de goberno que os crimes cometidos en nome da liberdade. E tamén chamaba ás mulleres e ao seu siso para contrarrestar as acusacións políticas e socorrer aos que as padecen.

Non a Napoleón; si aos bonapartistas

Para Madame de Staël ningún fixera tanto dano en nome da liberdade como Napoleón Bonaparte. As razóns que esgrime son moitas: desde a opresión doutras nacións á censura de prensa e a represión da policía ou a concesión de prebendas ao común dos cidadáns.

Tivo ocasión de coñecelo en persoa e de tratalo dabondo e, evidentemente, sendo como foi vítima do exilio por uns cantos anos, o corso non era santo da súa devoción. Non aforra palabras na súa contra, especialmente cando desde un suposto republicanismo, restaurou na súa

persoa a antiga pompa borbónica pero, en igual medida, non agocha a súa admiración polas súas fazañas. E ao fío diso consideraba que o dominador dun país só conservaría o poder se daba á nación a liberdade ou a gloria militar.

E sen saber disimular a súa contrariedade, Madame de Staël non podía senón recoñecer

a habelencia de Napoleón por gañar para a súa causa aos amigos da liberdade e aos monárquicos, nostálgicos do boato borbónico: uns toleraban o segundo; os outros, o primeiro.

E analizou con especial atención algo que daquela era unha auténtica novidade, a conspiración militar do 18 de brumario para gañar o poder civil, o golpe de estado en definitiva. Pero cando en 1815 Napoleón caeu, defendeu aos bonapartistas fronte aos restauradores que non cuestionaban a ocupación estranxeira de Francia.